

Procedemento: Convocatoria 2024 de subvencións á creación escénica.

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1 Con data 26 de xaneiro de 2024, o Diario Oficial de Galicia, nº 19, publicou a Resolución do 28 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á creación escénica e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento CT403B).

2 O artigo 15 desta convocatoria recolle que constituiranse dúas comisións de valoración das solicitudes presentadas. A presidencia das dúas comisións recaerá na persoa responsable da Dirección da Agadic e a Secretaría, que será común para as dúas comisións, será desempeñada por unha persoa do cadro de persoal da Agadic, que non terá dereito a voto. As comisións estarán integradas polos seguintes vogais:

- Para a avaliación dos criterios automáticos, dúas persoas do cadro de persoal da Agadic.
- Para a avaliación dos criterios artísticos, tres profesionais externos de entre persoas vinculadas ao mundo das artes escénicas en Galicia.

O mesmo artigo recolle tamén que “a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso”.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións “instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións”.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear as dúas comisións de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 15 terán a seguinte composición:



- Comisión de criterios automáticos, en calidade de profesionais pertencentes ao cadro de persoal da Agadic:

María Paredes Rodríguez

Marcelina Calvo Domínguez

- Comisión de criterios técnicos: en calidade de persoas expertas con coñecementos e cualificación profesional acorde co obxecto da axuda:

Silvia Modia Ferreiro

María José Vázquez Bermúdez

Antonio Martínez Rial

- En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario nas dúas comisións:

José Javier López Crende

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

